



ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2020/2021

Segundo a Orde do 12 de Marzo do 2013 (DOG 15 de marzo) e a Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 1 de febreiro) o período de presentación de solicitudes de admisión nos centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2020/21 será **do 1 ao 20 de marzo**. (Debido a que no noso centro o día 20 de marzo non é lectivo, este prazo prorrogarase ata o día 23 de marzo para aquelas solicitudes presentadas presencialmente no centro).

Os nenos e nenas dos lugares de Traba, Verdes, Seavia, Segufe, Amboade, Arixón, Buxán, Cerqueiras, Centiña, Cereo, Mira e Valenza nados no ano 2017 e anteriores que non estean escolarizados poderán solicitar impreso de admisión na secretaría do centro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Do 1 – 23 de marzo (presencialmente)
	Do 1 – 20 de marzo (telemáticamente)

Oferta de postos escolares					
Educación Infantil		Educación Primaria		ESO	
4º (3 anos)	22 + 3 (n.e.e.)	1º	9 + 3 (n.e.e.)	1º	18 + 6 (n.e.e)
5º (4 anos)	12	2º	13	2º	26
6º (5 anos)	4	3º	23	3º	24
		4º	18	4º	4
		5º	19		
		6º	0		

No caso de que existise máis demanda que oferta de postos escolares o centro abrirá un prazo do 26 de marzo ao 16 de abril para que os pais, nais ou titores/as legais dos solicitantes presenten a documentación precisa para a baremación das solicitudes.

Centros adscritos ao CPI Alcalde Xosé Pichel: CEIP Bormoio – Agualada e CRA Novo Mencer

Servizos complementarios ofertados polo centro	Comedor e transporte escolar (Decreto 132/2013 do 1 de agosto)
O alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Orde 12 de marzo do 2013. Art. 6)	

Publicación listaxe provisional de admitidos (Exporase no taboleiro de anuncios do centro)	24 de abril
Prazo de reclamacións	dende o 27 abril ao 5 de maio
Publicación listaxe definitiva de admitidos (Exporase no taboleiro de anuncios do centro)	14 de maio
Prazo para a formalización da matrícula	Ed. Infantil e Primaria: 20 ao 30 de xuño ESO: 25 de xuño ao 10 de xullo Prazo extraordinario ESO: 1 ao 10 de setembro

O solicitante presentará unha única solicitude no centro que se solicite en primeiro lugar. Nela poderán relacionarse ata seis centros, por orden de preferencia, que serán considerados posteriormente, de non ser admitido no centro no que se presente a solicitude.

Se se presentase máis dunha solicitude no mesmo centro ou en centros diferentes, as mesmas serán ineficaces.

O alumnado que teña garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión distinto deberá comunicar a renuncia á reserva (por escrito) antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

A solicitude presentada poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes. Logo deste prazo a solicitude será vinculante.